

Compostaxe

doméstica

A **compostaxe doméstica** é a que se realiza nunha unidade familiar empregando pequenos composteiros, que se alimentan cos residuos orgánicos xerados na propia vivenda a fin de convertelos en compost, un abono natural de alta calidade que se usará posteriormente na horta, xardín familiar e/ou terras de cultivo.



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional



UNIÓN EUROPEA



RES4VALOR

Quero compostar

Para iniciarte no proceso da compostaxe doméstica precisas:

1. Un composteiro.

É un recipiente que facilita a circulación do aire no seu interior, onde se introducen os restos orgánicos, permitindo unha óptima accesibilidade, tanto para depositar residuos como para extraer o abono resultante.

2. Espazo na túa horta.

Unha correcta localización do composteiro propiciará que o compost que produza sexa de boa calidade, optimizando recursos como as horas de luz, a ventilación e a humidade do solo.

3. Residuos de cociña e xardín.

Os restos de verduras e froitas, restos de poda, herba cortada e céspede, as follas secas e demais elementos orgánicos do teu fogar, servirán para producir un abono natural óptimo.



4. Un aireador e unha pa.

Co aireador conseguiremos ventilar o compost sen que perda propiedades e coa pa ordenaremos correctamente as capas para a súa descomposición eficiente.

5. Auga.

A auga é imprescindible para humedecer os materiais e conseguir que non sequen. Deste xeito, garantiremos a transformación da materia orgánica en compost.

Materiais compostables

Podes depositar no composteiro, intentando sempre que sexan anacos de pequeno tamaño:

- Restos de comida: froitas e verduras, arroz e pasta cocida, pan, así como peixe e carne de forma moderada
- Cascas de ovo e de froitos secos
- Pousos de café, té e infusións
- Cinzas e serraduras
- Papel, cartón e xornais
- Restos de poda, herba e material do xardín previamente cortados
- Restos de colleita sen pesticidas ou fitosanitarios
- Esterco de animais herbívoros
- Po, plumas, fibras e pelos



Materiais non compostables

Para producir un compost de boa calidade debes evitar depositar os seguintes materiais:

- Restos de aceite
- Lácteos
- Restos de plantas con pesticidas, insecticidas ou que estean enfermas
- Madeira tratada con pinturas, vernices, etc.
- Follas de piñeiro ou eucalipto
- Excrementos humanos ou de animais carnívoros
- Medicamentos
- Cueiros
- Papeis impresos ou plastificados
- Obxectos duros como pedra, metal, plástico ou vidro



Proceso

Para comezar, precisas colocar o composteiro no exterior da vivenda, nunha zona de sombra, protexido contra o vento e os cambios de temperatura bruscos (por exemplo, baixo unha árbore de folla caduca) e en contacto directo coa terra, para que os microorganismos, insectos e miñocas accedan ao seu interior. É recomendable que no fondo do composteiro coloques unha reixa ou rede para evitar que accedan a el pequenos animais.

O proceso de elaboración dun bo compost dura entre 5 e 6 meses, nos que distinguiremos tres fases.

Fase 1 - Descomposición

Para comezar a elaborar o compost, debemos colocar no fondo do composteiro unha capa de restos de poda de pequeno tamaño de entre 10 e 15 cm de altura, para favorecer a aireación e drenaxe do resto de residuos que depositemos a continuación. Logo colocaremos os restos da cociña en anacos miúdos para facilitar a súa descomposición. Sobre estes, novamente elementos de poda, e así sucesivamente. A proporción de elementos húmidos con respecto aos secos ten que ser o dobre, sendo preciso alternar capas de cada material para que a mestura sexa uniforme.

Durante os primeiros días, entre 2 e 4, os microorganismos do composteiro aclimátanse e multiplícanse, comezando a degradar os residuos. A temperatura da pila aumenta, nesta fase, ata os 50°C.

Fase 2 - Termófila

Nos seguintes días, debido á subida de temperatura, multiplícanse as bacterias e fungos, coñecidos coma organismos termófilos, que degradan rapidamente a materia e aumentan a temperatura ata os 70°C. Nesta fase, que pode alongarse ata os dous meses, desaparecen as larvas, sementes e elementos patóxenos.

Fase 3 - Maduración

Esta fase final dura ata tres meses. Nela prodúcese unha fermentación lenta, na que a parte máis resistente da materia orgánica se degrada finalmente, baixando a temperatura do compost.



Parámetros

Para obter un bo compost debes ter en conta uns sinxelos parámetros:



TAMAÑO: o tamaño dos fragmentos a compostar non debe superar os 5 centímetros. Canto máis grande sexa o tamaño dos residuos depositados, máis lenta será a descomposición. Porén, se os elementos son demasiado finos, a pila pode compactarse e non permitir a súa correcta osixenación.



MATERIAIS: o compost debe ser rico en humus. O humus é a capa da terra con maior volume de nutrientes que xorde da descomposición de restos orgánicos animais e vexetais.

- Os residuos coma o esterco de aves, o café ou a herba conteñen moito nitróxeno e aceleran este proceso, mais aportan pouco humus.
- Os elementos coma as pólas grosas, a serradura, palla, papel ou madeira retardan a descomposición, mais aportan abondoso humus.

C/N

CARBONO – NITRÓXENO: os restos con mellor proporción de carbono e nitróxeno son as follas de árbores froiteiras, arbustos, ortigas e o esterco do gando.



AIREACIÓN: para favorecer a entrada de aire na pila sen secala é preciso mesturar ben os materiais grosos e finos e voltear o compost cando se atope moi compacto ou moi húmido.



HUMIDADE: a mestura ten que estar húmida, pero non mollada, xa que levaría á súa putrefacción. Para evitalo é preciso xogar cos materiais secos e húmidos que vaíamos introducindo no composteiro. Unha forma sinxela de medir a humidade da mestura é coller unha presa e apertar coa man. Se queda compacta, ten a humidade xusta; se se esfarela, está seca e, se pinga, está moi húmida.

En función dos resultados, poderemos secar ou humedecer facilmente, engadindo materiais secos ou húmidos, segundo o caso.



TEMPERATURA: o compost debe atoparse arredor dos 50° - 60° C.



OSÍXENO: o compost só se logrará se hai presenza de osíxeno (é un proceso aerobio) polo que, en ocasións, será necesario remexer a mestura para aireala.

Problemas máis comúns e solucións

Material moi compacto e con mal cheiro.

Significado: posible exceso de humidade e/ou falta de ventilación.

Solución: mesturar material seco (palla, follas secas...) e remexer para permitir a entrada de aire e así evitar a putrefacción.

Cheiro a amoníaco.

Significado: demasiados materiais ricos en nitróxeno.

Solución: engadir compoñentes secos ricos en carbono coma serraduras ou restos de poda e remexer.

Baixa temperatura.

Significado: pouco material ou falta de humidade.

Solución: engadir máis material ou regar.

Temperatura moi alta.

Significado: insuficiente ventilación.

Solución: remexer.

Material frío e húmido.

Significado: exceso de auga.

Solución: remexer e engadir materiais secos (serraduras, pólas...).

Material frío e seco.

Significado: falta de auga.

Solución: regar.

Presenza de moscas.

Significado: exceso de humidade.

Solución: engadir material estruturante (pequenas pólas, palla...) e remexer.

Presenza de roedores.

Significado: atraídos por algún residuo.

Solución: mesturar os materiais e tapar.

Presenza dunha capa branca de fungos.

Solución: non supoñen problema ningún.

Presenza de insectos.

Significado: condicións ambientais.

Solución: non presentan inconveniente. Son descompoñedores.





Universidade do Minho